



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Prácticas externas 1	Código	610G01044		
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	Anual	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Química				
Coordinación	Rodríguez Belmonte, Esther	Correo electrónico	esther.belmonte@udc.es		
Profesorado	Andrade Garda, Jose Manuel Kennés , Christian Perez Sestelo, Jose Rodríguez Belmonte, Esther	Correo electrónico	jose.manuel.andrade@udc.es c.kennes@udc.es jose.perez.sestelo@udc.es esther.belmonte@udc.es		
Web	<a href="http://ciencias.udc.es/practicas-profesionales-q">http://ciencias.udc.es/practicas-profesionales-q</a>				
Descrición xeral	<p>Os alumnos poderán optar por cursar prácticas profesionais externas, en empresas ou institucións, por un total de 4,5 ou 9 créditos ECTS, no canto de 1 ou 2 materias optativas.</p> <p>A Facultade de Ciencias ven desenvolvendo dende o curso 2005/06 un programa de prácticas profesionais, cunha participación promedio no entorno dos 50-70 alumnos por ano, polo que ten ampla experiencia na xestión deste tipo de actividade.</p> <p>Para poder participar nunha estada en prácticas o alumno deberá:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1) Estar matriculado no Grao en Química da Facultade de Ciencias.</li><li>2) Ter superado cando menos 120 créditos ECTS, que deben incluír todos os de formación básica.</li><li>3) Superar o proceso selectivo que se puidera establecer.</li></ol> <p>Os dous primeiros requisitos deberán reunirse ao peche da convocatoria de prácticas, non computándose os créditos obtidos con posterioridade.</p> <p>Non poderán ser beneficiarios de estadas en prácticas os estudantes que manteñan algunha relación contractual coa correspondente empresa ou entidade, agás autorización obtida de conformidade coa normativa interna da UDC.</p> <p>Só se recoñecerán académicamente aquelas estadas que:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>a) Teñan sido cubertas mediante un proceso convocado en concorrencia libre e competitiva e cunha selección baseada en mérito e capacidade.</li><li>b) Se desenvolvan nunha praza ofertada ou aprobada pola Facultade. Se dita praza non correspondese á oferta realizada pola Facultade, senón que fose promovida noutro ámbito (Consello Social da UDC, Fundación UDC, outros organismos, etc.), recabarase a información que fose precisa para confirmar o cumprimento dos obxectivos arriba indicados sobre concorrencia competitiva con selección baseada en mérito e capacidade.</li><li>c) Teñan sido realizadas baixo a titoría dun titulado superior pertencente á empresa, organismo público de investigación ou institución equiparable que oferte a praza, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante.</li><li>d) Obteñan un informe favorable do/da titor/a académico/a sobre a actividade realizada, baseado no informe aportado e na valoración feita polos titores académico e de empresa. O proceso de avaliación aterase á normativa de cualificacións da UDC.</li></ol>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título
---------------------------	-------------------------------------



Mellorar no coñecemento do entorno profesional e capacidade de aplicar os coñecementos académicos adquiridos ao entorno profesional.	B1	C1
	B2	C3
	B3	C4
	B4	C5
	B5	C6
	B6	C7
	B7	C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Segundo o plan de traballo acordado coa empresa ou institución para cada estudante.	Segundo o plan de traballo acordado coa empresa ou institución para cada estudante.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Resumo	B3 C1 C6 C7	0	10	10
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	100	0	100
Atención personalizada		2.5	0	2.5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Resumo	<p>Memoria do traballo realizado durante o período de prácticas. Debe constar das seguintes partes e pola citada orde:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. INDICE (Debe de recoller os documentos dos que consta o informe)</li><li>2. DATOS DO ALUMNO<ol style="list-style-type: none"><li>2.1 Breve información sobre o alumno (apelidos, nome, DNI, dirección de contacto, teléfonos e dirección de correo electrónico)</li><li>2.2 Indicar se a memoria foi revisada pola empresa e as condicións de confidencialidade requeridas pola mesma.</li></ol></li><li>3. DATOS DA EMPRESA<ol style="list-style-type: none"><li>3.1 Breve información sobre a empresa (nome, situación, sector de actividade, organigrama, número de empregados, etc...)</li></ol></li><li>4. RESUMO DAS PRÁCTICAS<ol style="list-style-type: none"><li>4.1 Resumen do traballo desenvolvido polo alumno durante o período das prácticas.</li></ol></li><li>5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS<ol style="list-style-type: none"><li>5.1 Obxectivo das prácticas. Neste apartado débense de recoller os obxectivos que se perseguen co traballo.</li><li>5.2 Traballo encomendado. Fundamento teórico e experimental das diferentes actividades desenvolvidas durante o periodo de prácticas tendo en conta, no seu caso, o segredo profesional ao que está obrigado.</li><li>5.3 Distribución temporal. Distribución das tarefas realizadas, especificando a duración das mesmas e as unidades ou Departamentos nas que se realizaron.</li><li>5.4 Formación recibida. Cursos, programas informáticos, seminarios, charlas, etc...</li><li>5.5 Nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal.</li></ol></li><li>6. CONCLUSIÓNS<ol style="list-style-type: none"><li>6.1 Adecuación ás ensinanzas recibidas na Facultade para o desempeño da práctica.</li><li>6.2 Valoración persoal da aprendizaxe conseguida ao longo de toda a práctica.</li><li>6.3 Valoración do nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal.</li><li>6.4 Declaración de responsabilidade do alumno (modelo Anexo I).</li></ol></li><li>7. BIBLIOGRAFÍA E FONTES DE INFORMACIÓN (Bibliografía citada no texto, incluídos os recursos electrónicos)</li></ol>
Traballos tutelados	<p>A empresa ou institución nomeará un titor, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante, e que se encargará das seguintes funcións:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Proporcionar ao Centro unha breve descrición do traballo a realizar polo alumno, indicando os coñecementos específicos e habilidades que ha de ter o alumno para levalo a cabo e indicar a formación que adquirirá o alumno durante a realización do traballo.</li><li>2. Orientar ao alumno durante a realización do traballo.</li><li>3. Elaborar un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante.</li></ol> <p>O alumno terá ademáis un titor académico na Facultade, que será quen revise o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o alumno revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Traballos tutelados Resumo	A atención personalizada servirá para facer un seguimento detallado das actividades e da evolución do alumno, contribuíndo á súa avaliación continuada.
-------------------------------	---

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O titor nomeado pola empresa ou institución, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudante, elaborará un informe final, dirixido ao Decanato do Centro (ANEXO IV), no que se avalíe o grao de aproveitamento acadado polo estudante.	50
Resumo	B3 C1 C6 C7	Para acadar recoñecemento académico, sempre que a estadía desenvolvida cumpra as condicións especificadas na normativa, o alumno deberá remitir ao Decanato do Centro un relatorio detallado dos traballos e actividades realizadas. Tal relatorio será elaborado dacordo cun modelo (ANEXO VII). O titor académico revisará o informe emitido polo alumno, facendo as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións o alumno revisará o documento e entregaráo na Administración da Facultade de Ciencias xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.	50

#### Observacións avaliación

Valorarase no seu conxunto, o labor realizado durante as prácticas e a memoria realizada sobre as mesmas.

Recoméndase ao alumnado consultar a rúbrica de avaliación publicada na web do Centro.

Unicamente aqueles estudantes que completen o período de traballo na empresa/institución (traballos tutelados) e que entreguen a memoria resumo das tarefas para a súa avaliación poderán obter unha cualificación superior a 4,5 (sobre 10). Os estudantes que non completen o período de traballo na empresa/institución recibirán unha cualificación proporcional ás horas traballadas, inferior sempre a 4,5 (sobre 10). No caso de non poder rematar o período de traballo por causas de forza maior, o estudante poderá alegar perante o/a decano/a do centro, que poderá suspender o efecto desta norma de avaliación.

Todos os aspectos relacionados con "DISPENSA ACADÉMICA", "DEDICACIÓN AO ESTUDO", "PERMANENCIA" e "FRAUDE ACADÉMICA" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

#### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	En cada caso, o titor/a na empresa ou institución e o titor/a académico/a suxerirán as fontes de información máis acaídas ao plan de traballo.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

#### Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**



Matemáticas 1/610G01001  
Matemáticas 2/610G01002  
Física 1/610G01003  
Física 2/610G01004  
Biología/610G01005  
Xeoloxía/610G01006  
Química Xeral 1/610G01007  
Química Xeral 2/610G01008  
Química Xeral 3/610G01009  
Laboratorio de Química 1/610G01010  
Química Analítica 1/610G01011  
Química Analítica 2/610G01012  
Química Física 1/610G01016  
Química Física 2/610G01017  
Química Inorgánica 1/610G01021  
Química Inorgánica 2/610G01022  
Química Orgánica 1/610G01026  
Química Orgánica 2/610G01027  
Química, Información e Sociedade/610G01031  
Laboratorio de Química 2/610G01032

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

#### Materias que continúan o temario

Traballo de fin de Grao/610G01043

#### Observacións

É recomendable tentar cursar as prácticas pre-profesionais durante o verán anterior a comenar o cuarto curso, co fin de que o segundo semestre quede máis despexado a nivel horario. Programa Green Campus Facultade de CienciasPara axudar a conseguir unha contorna inmediata sostible e cumprir co punto 6 da "Declaración Ambiental daFacultade de Ciencias (2020)", os traballos documentais que se realicen nesta materia, solicitaranse maioritariamente en formato virtual e soporte informático.Perspectiva de xéneroSegundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarse linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos,...)". Traballarse para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade".

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías